



A carteira de investimentos xenéticos do seu rabaño

Neste artigo ofrecemos algúns exemplos de conexións entre xenética e rendibilidade co obxectivo de asesorar na toma de decisións á hora de investir naqueles trazos que nos poderán aforrar tempo e diñeiro na nosa explotación.

Mandy Schmidt

Especialista en Servizos Xenéticos de América do Norte
ABS Global

A diferenza do mercado de valores, no que se pode recuperar algún efectivo dun mal investimento, as malas decisións xenéticas quedan no rabaño e permanecen no establo durante varias xeracións.

É por iso que se deben avaliar cuidadosamente os trazos xenéticos co mellor retorno de investimento para obter ganancias tanto a longo como a curto prazo. Isto débese en parte a que, no campo da xenética, un máis un é igual a tres. Cando realizamos un apareamento, non estamos creando só unha cría; a xenética é acumulativa e seguirá transmitíndose dentro do rabaño. Por iso, a selección xenética debe crear activos que desexemos que entren na sala

► AS MALAS DECISIÓNS XENÉTICAS QUEDAN NO RABAÑO E PERMANECEN NO ESTABLO DURANTE VARIAS XERACIÓNS

de muxido nos próximos de cinco a dez anos e máis.

Se se elixe correctamente o perfil xenético que nos interesa na nosa explotación, pódense esperar maiores beneficios grazas ao aumento dos ingresos ou á diminución dos gastos. O investimento en seme adoita ser inferior ao 1 % dos gastos totais da explotación, pero a influencia xenética pode ser responsable de ata o 50 % do rendimento dunha vaca. Isto supón un gran beneficio cun gasto inicial mínimo.

ESTRATEGIA

O obxectivo de todo o mundo deberían ser as vacas de “ingresos pasivos”: vacas capaces dunha alta produtividade cunha intervención mínima.

Mentres que o mercado do leite pode crear proxeccións de ingresos turbulentos e os custos das materias primas poden fluctuar, as categorías ás que se destinan a maior parte dos gastos permanecerán máis ou menos iguais. A que se destina a maior parte do seu cheque leiteiro? Tipicamente, van ás categorías de alimento, man de obra, programas de substitución de xovencas e subministracións. É por isto que debemos priorizar o progreso xenético nos caracteres que inflúen economicamente nestas áreas.

CREAR CONEXIÓNS RENDIBLES

A moderna recompilación de datos xenéticos permitiu dispor de ducias de trazos xenéticos do gando leiteiro. Con todo, o feito de que o trazo exista e apareza nos catálogos non significa que lle vaia achegar valor a todo o mundo. Debemos ser críticos cos trazos que se están seleccionando; os que se seleccionen deben gañarse un lugar no programa de

cría pola súa rendibilidade para a gandería.

Velaquí algúns exemplos de conexións entre a xenética e a rendibilidade:

Aforro de alimento (FSAV)

Mesmo cun peso corporal e un tamaño similares, algunhas vacas son máis eficientes á hora de converter o alimento en leite. O FSAV representa a cantidade de alimento (en libras) que se espera aforrar por lactación por riba ou por baixo da media da raza. Os valores máis altos son desexables para aumentar a eficiencia. Ademais dunha redución dos gastos de alimentación, este trazo axúdanos a reducir a produción de esterco e gases de efecto invernadoiro.

Vida produtiva (PL)

Non debemos quedarnos curtos en investir neste trazo. A maioría das vacas non amortizan o investimento que se realiza na recría ata a segunda lactación. Seleccionar para unha maior PL é elixir vacas cunha predisposición xenética a durar máis tempo na súa fase positiva de fluxo de caixa. A xenética de longa duración implica menor rotación do rabaño, non se necesitará investir tanto en reposición e, ademais, unha maior porcentaxe do rabaño está libre de custo e xera ingresos.

Puntuación de células somáticas (SCS) e trazos de transición (mastite, cetose e resistencia á metrite)

A saúde do ubre e un sistema inmunitario forte manteñen as vacas fóra da enfermería. As vacas que evitan os tratamentos non só reducen os gastos relacionados coas subministracións de tratamento, senón que os recursos de man de obra non lles dedicarán un tempo valioso ás vacas enfermas, ►►



> caixaruralgalega.gal

ryia

ryia pay

A nosa caixa

por non mencionar a perda de ingresos do leite non vendible.

Taxa de preñez das fillas (DPR), taxa de concepción de xovencas (HCR) e taxa de concepción das vacas (CCR) Criar máis xovencas das necesarias é un gran gasto, pero tamén o é manter e alimentar as xovencas máis tempo do necesario debido á baixa fertilidade. Poñer o foco nunha xenética fértil axudaranos a manter un fluxo de xovencas a través do proceso de recría a un ritmo controlado, uniforme e mediar menos días de alimentación. Do mesmo xeito, as vacas que se reproducen de forma eficiente permanecen no rabaño durante máis tempo, o que reduce as necesidades de reposición e eleva a marxe de beneficios, xa que as vacas pasan máis tempo en torno ao pico de leite, onde os ingresos sobre o custo de alimentación son máis altos.

XESTIÓN DO INVESTIMENTO EN XENÉTICA

A forma máis eficaz de progresar de forma equilibrada nos trazos xenéticos prioritarios para un rabaño é a través dun sistema de clasificación con base nos índices personalizados. Isto clasificará os animais portadores de perfís xenéticos con maior impacto para a súa granxa. Os índices estándar da industria son un gran punto de partida, pero é importante ter un índice cunha asignación centrada nas necesidades xenéticas da súa explotación. A mellor produtora en mérito neto (NM\$) do seu rabaño non significa moito se os trazos en NM\$ non se aliñan coas necesidades xenéticas do seu rabaño.

Dentro do seu índice personalizado, non debemos esaxerar o número de trazos que inclúe. Só se deben seleccionar uns poucos trazos para aumentar a intensidade da selección nas súas áreas críticas. Demasiados trazos no seu índice diluirán a énfase e retardarán o ritmo xeral de progreso. Debemos avaliar obxectivamente cada trazo dentro do índice customizado baseándose no valor para a saúde financeira da súa granxa.

SER RÁPIDO

Como de centrado está nos seus obxectivos xenéticos e en que nivel de xenética se sente cómodo investindo?

Para un progreso xenético máis rápido, debemos ser coherentes co índice xenético. Só se debe reaxustar periodicamente segundo sexa necesario para que se adecúe aos obxectivos do rabaño en evolución. Este índice tamén se debe empregar para clasificar tanto as femias con resultados xenómicos ou medias de pais como para a selección de touros.

Tampouco se debe caer na mentalidade/tentación da selección por un só trazo fenotípico. Así, se un semental é excelente para un só trazo (producción de leite, por exemplo), pero non se clasifica ben no seu índice personalizado, tácheo da súa lista de IA. Podería estar a introducir involuntariamente xenética prexudicial para áreas clave. Un índice de trazos múltiples axudalle a evitar isto.

Supervise o progreso xenético. Hai que asegurarse de que o plan xenético deseñado está a aplicarse e as auditorías xenéticas regulares son esenciais para un plan xenético exitoso.

Ademais de xestionar a calidade a nivel xenético dos sementais, sexa tamén selectivo coas femias. O uso dun programa de cruzamento industrial con fins específicos evitará que as femias de baixa xenética contribúan ao seu futuro rabaño cun cruzamento terminal.

Por último, non lastre o seu investimento. O rendemento das vacas é unha combinación de fenotipo e xenotipo. O seu ambiente debe ser favorable para a expresión xenética. Considere a posibilidade de que un consultor técnico externo percorra a súa explotación cun par de ollos novos para identificar as áreas de oportunidade.

CONCLUSIÓNS

Non é necesario ser un *gurú* da xenética para tomar decisións acertadas de investimento xenético. Non é necesario memorizar a herdabilidade de cada trazo ou ser capaz de recitar os máis de corenta trazos incluídos no NM\$. O que si necesita é coñecer as tendencias dos ingresos e os puntos conflictivos dos gastos da súa explotación leiteira. Vostede é o maior experto nas eficiencia e ineficiencias da súa explotación; comuníquello ao seu asesor xenético e deixe que el guíe o seu investimento cara aos trazos que lle aforrarán tempo e diñeiro. ■

► O OBXECTIVO DE TODO O MUNDO DEBERAN SER AS VACAS DE "INGRESOS PASIVOS": VACAS CAPACES DUNHA ALTA PRODUTIVIDADE CUNHA INTERVENCIÓN MÍNIMA

Este artigo foi publicado na revista americana *Progressive Dairy* o 19 de abril de 2022 e conta con todos os permisos e licenzas para a súa difusión.

La robotización a su servicio



Robot de ordeño **Lely Astronaut A5**

28 años de experiencia, conexión rápida, capacidad inigualable, software simple e intuitivo

Robot de alimentación **Lely Vector**

Sencillez de instalación, flexibilidad de trabajo, recuperación de forrajes, ahorro de combustible

Para obtener más información sobre las innovaciones de Lely y beneficiarse del apoyo personalizado en tus proyectos, contáctenos en el +34 (0) 667949398

www.lely.com

